

**Víctor Casas Rey**

**Historia sintética do boletín A NOSA TERRA** (*Nós*, 139-144, Xulio-Nadal 1935, p. 183-185.)

Vai facer vinte anos que comenzou a se publicar o boletín «A Nosa Terra», nos seus comezos órgao das Irmandades da Fala, iniciadoras do actual e glorioso rexurdimento patriótico galego, e hoxe portavoz do Partido Galeguista.

Saeu o seu primeiro numero nas rúas cruñesas o día 14 de Novembro do ano 1916. Pubricouse como decenal durante algún tempo. Tiña a súa redación e administración no Cantón Grande no despacho do falecido poeta e gran patriota Xosé Iglesias Roura .

Lembro ter mercado ese primeiro número na rúa ou n-unha librería. Tiña eu dazaseis anos. Gustoume e seguí mercando até que aos catro ou cinco números suscribinme a él. Aos poucos meses ingresaba tamén na Irmandade da Cruña. Até a data.

Leva o primeiro número como artigo de fondo un titulado A bandeira ergueita» e firmado por Antón Vilar Ponte, seu casi iniciador e primeiro director durante moitos anos. Remata o artigo con estas verbas:

*«Este boletín é de todos galegos. A súa dona é Galicia enteira. Non ten outra. Polo mesmo as súas follas serán dinas de se coleccionar. Perpetuarán o pensamento d-unha época».*

Verbas que resultaron d-unha videncia absoluta. Unha colección de «A Nosa Terra» é un tesouro que temos que estimar fondamente os poucos que o poseemos. Vinte anos da vida de Galicia, da millor e máis histórica vida de Galicia están nas súas páxinas.

Salvo moi pequenas e pouco frecuentes intermitencias «A Nosa Terra» pubricouse normalmente. Resulta certamente curioso ollar cómo algúns dos nomes que nos seus comezos figuraron como colaboradores, por figuraren tamén nas Irmandades, cando éstas eran aínda unha cousa sin definir nin intervención na política galega, foron máis adiante nemigos do galeguismo atal e como nós o sentimos e practicamos que naturalmente garda do concepto dos outros unha longa distancia.

Foi o tono de progresivo acentuamento nacionalista, francamente nacionalista, que Vilar Ponte imprimiu ao boletín o que á par que ía creando unha conciencia n-ese senso determinaba o alonxamento dos que non pasaban máis aló do «rexionalismo». «A Nosa Terra» foi unha magnífica peneira.

N-ela escribimos moitos as nosas primeiras verbas. Foron moitos os que nas súas páxinas deitaron a cotío e en colaboración máis ou menos periódicas as millors roitas do futuro da terra. Despois de Antón Vilar Ponte, Luís Porteiro, Xuán V. Viqueira, Lousada Dieguez, por non citar máis que os mortos. N-outro aspecto, Ricardo Carballal, Iglesias Roura e algúns máis xa tamén desaparecidos.

Amado Carballo e Manuel Antonio deron aos lectores de «A Nosa Terra» as primicias da súa obra poetica.

Outros que actualmente militan en eidos políticos non especificamente galeguistas escribiron frecuente e intensamente no boletín. Deles citaremos somentes a Luís Peña Novo e Xaime Quintanilla.

Antón Vilar Ponte deixou de dirixir «A Nosa Terra» despois da IV Asambleira nazonalista de Monforte do ano 21 en que xurdiu aquela división entre os políticos e os que non participaban da idea de que o nazonalismo deba actuar intensamente na política galega. Fundouse a I. N. G. que se gobernaba dende Ourense alonxada das Irmandades cuia orientación levaba a da Cruña.

Foi entón que desinada unha redación do boletín comencei eu a ter ao meu cárrego, ademais da administración que xa tiña, a tarefa de se preocupar da súa publicación.

Dende entón e cada día máis fun adequerindo esa obriga que culminou nos sete anos da dictadura na que moitos números escribinos casi por enteiro.

Esta etapa da dictadura, sobor todo nos primeiros anos, foi verdadeiramente heróica. Hai números que aparecen casi por enteiro machacados os orixinaes por supresión da censura.

Do que era a censura entón para «A Nosa Terra» darei algunhas mostras.

Un día, cando Primo de Rivera andaba a facer aquelas demostracións de «fervoroso patriotismo» e suprimira as bandeiras rexionaes, quixen publicar un cadro composto d-esta maneira:

Con el vino de Jerez	Ceo branco de luar
y el vinito de Rioja	Ceo azul do mediodía
son los colores que tiene	Son dous anacos de ceo
la banderita española.	A bandeira de Galicia
(Las Corsarias)	(Ramón Cabanillas)

A censura tachou o verso galego e publicouse o outro co galego machacado. (Número 199-1.º Abril 1924). Un xornal arxentino fixo un fascimil (sic).

No número 214 correspondente ao 1.º de Xulio de 1925 hai unha nota que di:

«Non podemos publicar n-este número un artigo de redaición titulado «O novo arcebispo de Compostela»; un anuncio de unha «Gramatica de la lengua española»; un artigo titulado «Buena voluntad» de Víctor Casas outro de F. Abelaira e un «Peneirando».

Esto era frequentísimo.

Un día tiven que soportar no seu despacho unhas cantas groseiras impertinencias do Gobernador, Muñoz Garde, por mor d-un anaco tachado pol-a censura d-un artigo no que se falaba da absurda división provincial hespañola. Ao tal Gobernador non lle cabía na cabeza que se poidera non estar conforme coa división por provincias e permitiuse adicar ao autor do artigo unhas cantas insolencias.

O autor era Pedret Casado. A cousa tivo aínda máis gracia cando lle manifestei de quen se trataba. Ao lle decir que era un sacerdote permitiuse dúbida das miñas verbas decindo que un sacerdote non podía escribir semellantes cousas.

«A nosa Terra» mantivo en todo aquel tempo, mouro e difícil para as nosas ideas, o lume aceso do galeguismo.

Cando Casal con Leandro Carre fundaron a Editorial Lar con aquela imprenta, pequena en medios pero subríme en propósitos, «A Nosa Terra» començou a publicar por «Lar» o 25 de Xulio -Día de Galicia- do ano 1925. Até o número 271 en 1.º de Maio de 1930 que durante unha tempada publicámola en Betanzos. Cinco anos en que Casal facéndoa, Carre e máis eu escribindoa, con algún colaborador como Otero Pedrayo que era asiduo e poucos máis, e eu administrándoa sostivemos a súa vida mantendo a través d-ela un contacto cos demais galeguistas de Galicia que sirveu para que á caída da dictadura fose posíbel reorgaizar os cadros galeguistas que máis tarde en Nadal do 31, aglutináronse no Partido Galeguista .

Nos comenzos do ano 32 a Irmandade da Cruña cedeu o boletín ao Partido Galeguista publicándose en Pontevedra durante uns meses até que novamente Casal, xa en Santiago, encargouse da súa publicación. Outra vegada, en Maio do ano 34, voltou para Pontevedra, dende entón é aquí onde se publica e novamente dende Xaneiro do 35 voltou a ficar ao meu cárrego a súa dirección e administración.

«A Nosa Terra» é hoxe leída en toda Galicia. A poboación onde conta con maior cantidade de suscritores é A Cruña seguíndolle por orde numérico Lugo, Ourense, Vigo, Santiago, Pontevedra e Ferrol. Dos pobos grandes de Galicia. Ten suscritores en casi todas as vilas e poucos son os Concellos galegos onde non hai ningún suscriptor. Entre eles figuran gran cantidade de escolantes.

Dos pobos de fora de Galicia é Barcelona onde ten máis suscripción. Os irmáns galeguistas d-aquela capital están suscritos a ela en número que casi chega ao medio cento. Síguelles Madrid en menor cantidade.

A Bos Aires e Montevideo mandanse 80 exemplares de cada número a cada unha d-aquelas cidades americanas, que os galeguistas e galegos emigrados lén con enteira devoción e entusiasmo.

Nos medios rurais galegos léese moito «A Nosa Terra» non só por acción dos Grupos galeguistas sinón por contar con unha gran cantidade de suscritores directos que a espallan; chegando a coñecemento de milleiros de paisáns. N-esto os escolantes efectúan unha boa labora da que ollanse a cotío os seus froitos.

A súa tirada actual é de 1.100 exemplares semanaes. Da labora patriótica que realiza o boletín non é

mester falar. Abonda, como detalle, decir que é conosciada hoxe en toda Galicia e que con moita frecuencia recíbense na administración pedidos de soltos determinados e abonamentos directos. Eis exposta, moi lixeiramente e de xeito cronolóxico, algúns detalles de nacemento, vida e actualidade d-este boletín que agora vai cumprir vinte anos de vida e actuación proselitista a prol da Causa de Galicia.

Rematemos este lixeiro traballo repetindo as verbas finaes do artigo de Antón Vilar Ponte no primeiro número:

«As súas follas serán dinas de coleccionar. Perpetuarán o pensamento d-unha época».

Así foi. O seu vixésimo aniversario coincide con esta hora xurdia de Galicia. Hora xurdia na que «A Nosa Terra» tivo unha inxente e decisiva influencia.

---